

REGULAMENTO DE REXIME INTERNO, FUNCIONAMENTO E UTILIZACION DOS SERVIZOS DA PISCINA MUNICIPAL DE XOVE.

APARTADO 1º

REXIME XERAL DE UTILIZACION DOS SERVIZOS DA PISCINA MUNICIPAL DE XOVE

- 1) Para poder acceder e utilizar a instalación deberase presentar ó persoal de control de entrada, o carnet de abonado (cos pagos ó día) ou ben se abonará a entrada correspondente.
- 2) É obrigatorio usar a taquilla para poder gardar a roupa. Para poder retirar a chave da taquilla depositarase no control o carnet de abonado. Os non abonados presentarán outra acreditación (D.N.I., Carnet de Conducir, etc.)
- 3) Non se responde da perda de calquera obxecto ou enser. Aqueles obxectos que se recuperen depositaranse na sección de obxectos perdidos, no Control de Entrada da Piscina.
- 4) Está totalmente prohibido fumar, comer ou beber na totalidade da instalación.
- 5) É obrigatorio ducharse antes de acceder á piscina para bañarse; así como o uso de chanclas tanto en vestuarios como zona de baño. Os usuarios das saunas, deberán entrar nelas ben secos.
- 6) Está totalmente prohibida a entrada para bañarse na piscina a aquelas persoas que padezan algunha enfermidade transmisible, especialmente no caso de afeccións cutáneas sospeitosas.
- 7) Prohíbese subir a área de baño con roupa e calzado de rúa. Os espectadores deberán acceder á grada pola entrada exterior.
- 8) É obrigatorio o uso de gorro de baño para poder bañarse.
- 9) A capacidade máxima de utilización simultánea da piscina é de 100 persoas.
- 10) A dirección da piscina e o Concello de Xove poderán dictar en calquer momento todas aquelas normas que redunden en beneficio do servizo e dos usuarios. Ditas normas expóranse nos taboleiros de anuncios coa suficiente antelación a súa entrada en vigor.
- 11) Os usuarios dos servizos da piscina son responsables do seu estado de saúde en relación coa utilización que efectúen dos servizos que se ofrecen, non sendo responsabilidade da administración calquer dano que poida producirse derivado do mal uso ou abuso das instalacións ou servizos, nin da súa utilización indebida ou abusiva nin do uso por persoas que carezan das condicións físicas ou de saúde mínimas básicas para elo. Tampouco caberá a esixencia de responsabilidade cando por parte dos usuarios de modo negligente se desatendan as instrucións ou normas de funcionamento do servizo de que se trate, ou as que lles teñan sido dadas polo persoal municipal responsable da actividade.

APARTADO 2º

FUNCIONAMENTO E UTILIZACION DOS SERVIZOS DA PISCINA

As instalacións da Piscina Municipal de Xove, poderán ser utilizadas por todas aquelas persoas que o desexen mediante cinco formas de acceso:

- Como Abonado
- Como usuario mediante o Sistema de Bonos
- Como participante nas Actividades da Escola Municipal de Natación
- Como usuario que alquila unha rúa (só grupos)
- Como usuario de pago diario.

Os usuarios que asistan á Piscina Municipal de Xove, baixo a súa responsabilidade, poderán utilizar os servizos e realizar as seguintes actividades:

A)BAÑO LIBRE.-

Os usuarios poderán practicar natación de forma libre, en horario de 10:00 a 13:00 horas e de 16:30 a 21:30 horas de luns a venres e de 11:00 a 13:00 horas e de 16:30 a 20:00 horas os sábados. Durante o verán, teranse que consultar os horarios no Taboleiro de Anuncios. Esta actividade, poderán realizala todos os usuarios que accedan á Piscina, ben sexa como Abonados, con Bonos, de Pago diario, con alquiler dunha rúa, etc.

B)XIMNASIA, POSTA A PUNTO (*FITNESS*), EXERCICIO CARDIOVASCULAR, ETC.

No ximnasio da Piscina Municipal, poderase practicar toda clase de exercicio, como a ximnasia, posta a punto (*fitness*), exercicio cardiovascular, aeróbic, etc. Tamén se poderá asistir a clases de Ximnasia de Mantemento. Para ditas clases darase máis información no Ximnasio. Todo usuario poderá pedir información ó Monitor de Ximnasio sobre exercicios, circuitos, tipos de traballo, etc. No ximnasio, están ó servizo do usuario unha serie de táboas de distintos exercicios. O horario do ximnasio é de 10:00 a 13:00 horas e de 17:00 a 21:00 horas de luns a venres e de 11:00 a 13:00 horas e de 16:30 a 20:00 horas os sábados.

O ximnasio poderá ser utilizado tanto por Abonados ou usuarios del Sistema de Bonos como por usuarios de Pago diario. Todos os usuarios deberán ser maiores de quince anos.

C)SAUNAS

Todos os usuarios da Piscina Municipal poderán utilizar o servizo das SAUNAS, sempre e cando sexan maiores de 15 anos. O réxime de utilización da Sauna explicase polo miúdo á entrada da mesma. Existen dúas Saunas, unha para homes e outra para mulleres, debendo utilizar cada un a destinada a cada persona. A Sauna, tamén poderá ser utilizada polos usuarios de pago diario.

D) SALA DE MASAXE

O Réxime básico de funcionamento do servizo de masaxismo na piscina municipal é o acordado polo Pleno de la Corporación en sesión de 2 de novembro de 2000, a tenor do que disfrutarán de servizo gratuito de masaxismo os veciños de Xove maiores de 65 anos ou pensionistas. O réxime xurídico básico do servizo será o mesmo que o da Piscina Municipal prestándose o servizo de masaxismo ós usuarios socios da piscina e ós maiores de 65 anos veciños de Xove aínda que non sexan socios ou usuarios da piscina.

Os restantes usuarios ou socios da piscina deberán aboar as tarifas establecidas directamente ó concesionario do servizo segundo a adjudicación efectuada, ou a adecuación de tarifas que sexa aprobada polo órgano competente da Corporación.

E) CURSIÑOS DA ESCOLA MUNICIPAL DE NATACION

A Escola Municipal de Natación, organiza cursillos de iniciación e perfeccionamiento á natación, durante todo o ano tanto para nenos como para adultos.

As persoas participantes nestes cursiños e que non sexan Abonados da Piscina Municipal, deberán acceder á instalación como máximo 20 minutos antes da hora de inicio dea actividade.

Para máis información sobre cursiños e demais actividades desenvolvidas pola Escola Municipal de Natación, existe unha ordenanza reguladora onde se recolle e explica toda a actividade de dita Escola. Esta ordenanza está a disposición de todos os usuarios no Control da Piscina.

A Escola Municipal de Natación de Xove, tamén organiza outras actividades acuáticas como poden ser:

- Bautizos e Cursos de Buceo con equipo de submarinismo.
- Xornadas de xogos acuáticos
- Curso de Natación Escolar
- Cursiños colectivos de verán.
- Competicións de natación para escolares
- Festas clausura de cursos e cursiños
- Saídas para realizar competicións con escolares a outras Piscinas.

F) ALQUILER DE “CALLES” (SÓ PARA COLECTIVOS)

Todas aquelas entidades colectivas como poden ser Amas de casa, Clubes, diferentes Asociacións, etc., poderán solicitar alquilar unha ou máis calles da Piscina Municipal para realizar baño libre. O precio da calle por hora é de 15,00 € sin material y de 20,00 € con material (tablas, aletas, etc.) O número máximo de usuarios por cada calle será de 10 persoas. Para poder alquilar unha ou máis calles da Piscina Municipal, deberanse por en contacto co Encargado da instalación para mirar horarios, datas, etc.

A calle alquilada, só poderá ser utilizada polas persoas da entidade e durante o horario establecido do alquiler.

G) HORARIOS E CALLES PARA OS USUARIOS

Los usuarios de la Piscina Municipal, deberán utilizar las calles que estén destinadas a cada una de las actividades y en los horarios fijados. La Piscina estará dividida de la siguiente forma:

- As calles 1-2 e 5-6, serán utilizadas pola Natación Escolar no horario desta se son necesarias. En caso de non ser necesarias, se poderán utilizar para Baño Libre.
- A partir das 6 da tarde, as calles 1-2-3, serán utilizadas para entrenamiento do Clube Natación Xove e pola Escola Municipal de Natación. O resto das calles, se utilizarán para Baño Libre (4-5-6)
- Esta distribución se realizará de lun a venres, os sábados se poderán utilizar todas as calles para Baño Libre, pois non se realiza ningunha outra actividade.